Desde o curso 2004-2005, en GREGO I e II o alumno está a usar na clase material elaborado polo noso departamento, como sustituto do libro de texto que se tiña empregado anteriormente.

O alumno terá que aprender o vocabulario grego básico que o profesor lle entregue ó longo do curso.

A este material o alumno engadirá no segundo curso material específico e o diccionario VOX. O material do alumno resúmese na seguinte táboa:

GREGO I		**GREGO II**	
Tradución	- Oracións e textos de Xenofonte, Platón, Esopo, Luciano, Apolodoro, etc. (fotocopias).	**Tradución**	- Oracións e textos de Xenofonte, Platón, Esopo, Apolodoro, etc. (fotocopias) - *DICCIONARIO GRIEGO-CASTELLANO* Vox (edición 7ª ou posterior)
Gramática	- Apuntes (fotocopias). - Exercicios (fotocopias).	**Gramática**	- Apuntes (fotocopias). - Exercicios (fotocopias).
Léxico e etimoloxías	- Léxico e etimoloxías (fotocopias).	**Léxico e etimoloxías**	- Léxico e etimoloxías gregas (fotocopias)
Ortografía e prosodia	- Apuntes-I (fotocopias) - Textos seleccionados polo departamento (fotocopias).	**Ortografía**	- Apuntes-II (fotocopias) -Textos a traducir, que se usarán tamén para ler en voz alta. (fotocopias)
Historia e Cultura	- Apuntes de historia e cultura gregas (fotocopias).	**Literatura**	- Apuntes de literatura grega feitos polo departamento (fotocopias).

Todo o material fotocopiado foi deseñado e elaborado polo Departamento de Grego do IES Xesús Taboada Chivite de Verín.

Materiais e recursos do profesor

1) O noso departamento elabora desde o curso 2004-2005, e segue a elaborar, **material propio**, tanto apuntes como exercicios e textos, feitos con editor informático de textos. Este material será usado tanto polo profesor como polo alumno.
2) Debido ó anterior, **non se emprega libro de texto**. Porén, en segundo curso de bacharelato será preciso que o alumno adquira o diccionario *Griego-castellano* da editorial VOX.
3) O alumno de grego **aprende a escribir en grego tanto en papel como nunha computadora, por medio dunha plantilla de Windows adaptada polo profesor do departamento.**
4) O **cine** é unha excelente ferramenta para inculcar ideas mitolóxicas, históricas e aínda literarias nas mentes dos alumnos. Películas recentes como *Troya*, *Jasón y os Argonautas*, a *Odisea*, *Helena de Troya* ou antigas como *Orfeo Negro*¸ servirán para o devandito fin.
5) Os canles de mitoloxía clásica de Youtube (por exemplo TEDeD) servirán para ilustrar diferentes aspectos históricos e culturais.
6) Asimesmo, o propio canle de Youtube persoal do profesor contén vídeos e videotitoriais de elaboración propia de apoio á materia.
7) O **diccionario** *Griego-castellano* da editorial VOX tamén será usado polo profesor para dar exemplos ós alumnos no uso deste recurso fundamental en segundo curso.
8) Os **libros impresos** serán un recurso que non suporá carga económica para o alumno pois a biblioteca do instituto posúe este tipo de recurso. Nesto baséase a lectura de obras literarias (traducións adaptadas *Ilíada* e *Odisea* e traducións non adaptadas de obras dramatúrxicas de Aristófanes, Sófocles e Eurípides), requisito esencial da asignatura en segundo curso.
9) Os **videoxogos** pensamos que poden unir ó aspecto lúdico o pedagóxico.

7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Grego de 1º e 2º bacharelato é unha materia de contidos progresivos, coma latín I e II, debuxo artístico I e II, debuxo técnico I e II, análise musical I e II, tecnoloxía industrial I e II, e matemáticas I e II. Por isto, será necesaria a superación da de primeiro curso para poder ser avaliada a de segundo.

GREGO 1º BACHARELATO

1. AVALIACIÓNS

- O alumno será avaliado pola súa calificación nos 5 exames trimestrais, sempre e cando teña amosado ó profesor o traballo individual completo e a tempo, requisito indispensable para superar a materia.
- Ter feitas as tarefas individuais é requisito indispensable para aprobar a asignatura, aparte da superación dos exames.

2. TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNO

- Ter feitas as tarefas individuais é requisito indispensable para aprobar a asignatura, aparte da superación dos exames.
- O alumno terá como plazo máximo de entrega de tarefas individuais do trimestre antes das dúas últimas semáns do trimestre. En principio non serán admitidas tarefas dos trimestres anteriores.

3. NOTA FINAL DE CURSO

- Superará a materia todo alumno que, **obtida a media aritmética das 3 avaliacións, obteña a calificación de 5 ou a supere**.
- A non entrega de todas as tarefas individuais a tempo, salvo por causa xustificada, suporá un punto negativo sumado á calificación final así como trimestral.

4. SETEMBRO

- O alumno só poderá facer nesta convocatoria os exames de oracións (60%) e gramática (40%). Cada un destes dous exames é eliminatorio, polo que, suspender algún deles, supón suspender a convocatoria.

5. MÍNIMOS PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA

- Ser capaz de recoñecer e traducir os diferentes casos da 1ª, 2ª e 3ª declinacións.
- Ser capaz de recoñecer e traducir os 6 tempos do modo indicativo en toda a súa conxugación das 3 voces, dos verbos temáticos.
- Ser capaz de recoñecer e traducir as preposicións e as principais conxuncións.
- Ser capaz de recoñecer e traducir os pronomes persoais e demostrativos.
- Ser capaz de analizar e traducir oracións simples copulativas, intransitivas, transitivas e pasivas.
- Ser capaz de ler e pronunciar correctamente un texto en grego antigo.
- Ser capaz de derivar palabras etimolóxicamente derivadas de palabras do léxico grego antigo.

GREGO 2º BACHARELATO

1. AVALIACIÓNS

O alumno será avaliado pola súa calificación nos 5 exames trimestrais.

2. TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNO

O alumno terá como plazo máximo de entrega de tarefas individuais do trimestre ata dúas semanas antes das avaliacións. Non serán admitidas tarefas do trimestre ou trimestres anteriores.

3. NOTA FINAL DE CURSO

- Superará a materia todo alumno que acade 5 ou máis puntos de calificación, resultante da **media aritmética** das 3 avaliacións.

4. SETEMBRO

En setembro o alumno terá que examinarse só de dous exames:
1) análise e tradución de textos, e
2) gramática, ámbolos dous eliminatorios. Para a proba disporá de 1 hora e 30 minutos en total. As partes da mesma son dúas:

60% ANÁLISE E TRADUCIÓN DE TEXTOS (1 texto de 4 liñas)
* Poderá ser calqueira dos textos feitos en clase colectivamente ou dos individuais asignados ó alumno en cuestión.
* Esta proba require o uso do diccionario.
40% GRAMÁTICA
* Exame de igual tipo que os feitos durante o curso.

5. MÍNIMOS PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA

1. Todos os requisitos do primeiro curso.
2. Ser capaz de analizar e traducir un texto de 4 liñas de Xenofonte, das obras Anábasis e Helénicas, con sentido e con coherencia entre a análise morfoinstáctica e a tradución.
3. Ser capaz de nomear os principais autores literarios da épica, lírica, dramática, historia e filosofía, así como as obras principais e características de cada un.
4. Ter un léxico mínimo de 50 palabras en grego.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN DE GREGO II

1. **Comprender e traducir de forma coherente textos gregos pertencentes a diversos xéneros literarios.**
   Con este criterio preténdese comprobar a adquisición dunha certa competencia lingüística e o progreso na práctica da tradución. Valorarase a elección correcta das estruturas sintácticas, das formas verbais, das equivalencias léxicas na lingua materna e da orde de palabras no proceso e resultado da tradución, así como o uso adecuado do dicionario.

2. **Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía e da sintaxe casual e oracional comparándoos con outras linguas coñecidas.**
   Este criterio trata de comprobar o coñecemento da lingua grega por parte do alumnado. Este ha de manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de maior complexi dade e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto a outras linguas por el coñecidas.

3. **Recoñecer en textos gregos orixinais termos que son compoñentes e étimos de helenismos e deducir o seu significado, tanto no vocabulario patrimonial das linguas modernas coma nos diversos léxicos científico-técnicos.**

Este criterio serve para determinar se se domina o vocabulario básico e se se coñecen os procedementos de derivación e composición dos helenismos nas linguas modernas, así como a correcta transcrición dos termos e as transformacións que experimentan no eido formal e semántico.

4. **Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e os seus trazos literarios e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais, identificando elementos de androcentrismo e etnocentrismo neles.**
   Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior en que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura grega.

5. **Realizar traballos monográficos consultando as fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.**
   Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, busca, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. Sempre baixo a dirección do profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastaraa e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta fundamental en todo o proceso e como soporte polivalente para a exposición das súas conclusións.

Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

1º DE BACHARELATO

1. EXAMES A SUPERAR EN CADA UNHA DAS 3 AVALIACIÓNS

5% LECTURA E ESCRITURA

Comprende dous exames:

2,5% LECTURA EN VOZ ALTA DUN TEXTO GREGO

Este exame vale 2,5% na primeira avaliación, 5% na segunda, e 5% na terceira.

2,5% COPIA DUN TEXTO GREGO NUN PROCESADOR DE TEXTOS

Este exame só tera lugar na 1ª avaliación.

5% LÉXICO GREGO E ETIMOLOXÍAS

10% TEMAS DE CULTURA, HISTORIA E MITOLOXÍA

30% GRAMÁTICA

a) Declinación de sintagmas (artículo, sustantivos, adjetivos, pronombres) (todas las evaluaciones 1 pregunta)

b) Preposiciones, adverbios, partículas, conjunciones (todas las evaluaciones 1 pregunta)

c) Conjugación de verbos (todas las evaluaciones 1 pregunta)

d) Análisis y traducción de formas verbales. (todas las evaluaciones 1 pregunta)

50% ANÁLISIS MORFOSINTÁCTICO Y TRADUCCIÓN (1 EXAMEN)

1ª evaluación: 4 oraciones (1 TR, 1 INTR, 1 COP, 1 PAS) con 2 verbos principales cada una.

2ª evaluación: 2 oraciones, cada una con 1-2 verbos principales y 1-2 subordinados.

3ª evaluación: texto de 5 líneas con varios verbos principales y subordinados.

** ESTE EXAME É O ÚNICO ELIMINATORIO **

2. RECUPERACIÓNS

- Non haberá ningunha recuperación ó longo do curso, salvo para aqueles alumnos que xustifiquen documentalmente ante o profesor e o titor a súa ausencia nalgún exame.

3. FOLGAS DE ALUMNOS E EXAMES

Os exames aplazaranse ó seguinte día lectivo da folga no caso de que un alumno -como mínimo- exerza o seu dereito a facela.

4. FALTAS DE ASISTENCIA

Dado o carácter predominantemente práctico desta materia, tendrán avaliación negativa os alumnos que teñan faltado a 1/3 das clases do trimestre sen presentar ó profesor ou titor os xustificantes médicos correspondentes. Só serán aceptados os xustificantes médicos.

5. TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNO

- Todos os alumnos terán tarefas individuais encargadas polo profesor, aparte das que teñan que facer na clase colectivamente. Mediante a realización destas tarefeas individuais o profesor poderá facer un seguemento personalizado do traballo de cada alumno.
- **A entrega deste traballo, na súa totalidade, é requisito para aprobar a asignatura. O alumno terá como plazo máximo de entrega de tarefas individuais do trimestre ata dúas semanas antes das avaliacións. Non serán admitidas tarefas de trimestres anteriores.**
- Serán premiados con 1 punto en cada avaliación e na avaliación final aqueles alumnos que entreguen o traballo individual completo e antes das últimas **tres** semáns do trimestre.
- As tarefas serán:
    - oracións, que serán sempre analizadas morfolóxica e sintácticamente, e traducidas
    - táboas gramaticais, que serán debidamente completadas

- calqueira outro exercicio que o profesor estime oportuno

6. TRABALLO VOLUNTARIO

En ningún caso o traballo realizado para subir nota terase en conta se o alumno obtivo menos de 5 na suma das notas de todos os exames.

Sempre e cando o alumno teña a calificación de alomenos 5 entre todos os exames, a nota se lle poderá subir **ata un punto, mediante:**

A) a exposición ORAL de 5 minutos sobre un tema, libremente escollido por el, de historia, cultura ou mitoloxía grega. Para a exposición só poderá usar como apoio:

- imaxes proxectadas (PowerPoint) sen ou con texto. O texto que acompañe as imaxes só poderá consistir en nomes ou datos concretos (datas históricas, cifras, etc.), nunca frases.
- música de fondo
- vídeo con ou sen texto. Este texto só poderá consistir en nomes ou datos concretos (datas históricas, cifras, etc.), nunca frases.

O traballo poderase facer individualmente ou en parella.

B) a presentación dun texto en grego de 3 liñas íntegramente orixinal e composto polo alumno, onde se usen os coñecementos gramaticais vistos e practicados durante o curso. O profesor poderá facer as preguntas que estime oportunas para verificar que o alumno é o autor orixinal do texto.

7. CONDUTA

Todos os esforzos positivos do alumno acumulados ó longo de cada avaliación (puntualidade, seriedade, traballo e cooperación) contribuirán a redondear a nota final de avaliación e de curso en sentido positivo.

8. SETEMBRO

En setembro o alumno terá que examinarse de só dous exames, ámbolos dous eliminatorios. Para elo disporá de 1 hora e 30 minutos.

Non lle será tida en conta ningunha outra calificación agás das abaixo sinaladas.

As porcentaxes de calificación serán as seguintes:

60% ORACIÓNS

- análise morfosintáctica e tradución de catro oracións ou dun texto composto por 4 oracións
  * todo o léxico que saia nas oracións ou no texto, será o estudado durante o curso.

40% GRAMÁTICA

- pregunta de declinación en singular e plural
  * indicarase sempre o enunciado da palabra a declinar
- pregunta de tabla de análise verbal e tradución
- pregunta de conxugación
- NOTA: os verbos serán os dos exercicios feitos durante o curso.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. 2º DE BACHARELATO

1. EXAMES A SUPERAR EN CADA UNHA DAS 3 AVALIACIÓNS

5% LÉXICO & ETIMOLOXÍAS
5% TEMAS DE LITERATURA
10% LECTURAS
20% GRAMÁTICA
60% ANÁLISE E TRADUCIÓN DE TEXTOS (ELIMINATORIO)

* Texto de 4 liñas. A análise morfolóxica e sintáctica do texto é obrigatoria, xa que nelas dúas baséase a tradución, polo que os exames que teñan calqueira das dúas en branco, non se admitirán.
* Esta proba require o uso do diccionario.
* Nos tres trimestres, o exame será dun texto non visto en clase, e de semellante dificultade os vistos durante o curso

2. RECUPERACIÓNS

- Non haberá ningunha recuperación ó longo do curso, agás para aqueles alumnos que xustifiquen documentalmente ante o profesor e o titor a súa ausencia nalgún exame.

3. SETEMBRO

En setembro o alumno terá que examinarse só dos exames de análise e tradución de textos e de gramática, ámbolos dous eliminatorios. Para a proba disporá de 1 hora e 30 minutos en total. As partes da mesma son dúas:

60% ANÁLISE E TRADUCIÓN DE TEXTOS (1 texto de 4 liñas)

* Poderá ser calqueira dos textos feitos en clase colectivamente ou dos individuais asignados ó alumno en cuestión.
* Esta proba require o uso do diccionario.

40% GRAMÁTICA

* Exame de igual tipo que os feitos durante o curso.

4. TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNO

- Todos os alumnos terán tarefas individuais encargadas polo profesor, aparte das que teñen que facer na clase colectivamente. Mediante a realización destas tarefas individuais o profesor poderá facer un seguemento personalizado do traballo de cada alumno.
- **A entrega deste traballo, na súa totalidade, é requisito para aprobar a asignatura. O alumno terá como plazo máximo de entrega de tarefas individuais do trimestre ata dúas semanas antes das avaliacións.**
- Serán premiados con 1 punto en cada avaliación e na avaliación final aqueles alumnos que entreguen o traballo individual completo e antes das últimas **tres** semáns do trimestre.
- As tarefas serán:
    - textos, que serán sempre analizados morfolóxica e sintácticamente, e traducidos
    - táboas gramaticais, que serán debidamente completadas
    - calqueira outro exercicio que o profesor estime oportuno

5. FOLGAS DE ALUMNOS E EXAMES

Os exames aplazaranse ó seguinte día lectivo da folga no caso de que un alumno -como mínimo- exerza o seu dereito a facela.

6. FALTAS DE ASISTENCIA

Dado o carácter predominantemente práctico desta materia, tendrán avaliación negativa os alumnos que teñan faltado a 1/3 das clases do trimestre sen presentar ó profesor e ó titor os xustificantes médicos correspondentes. Só serán aceptados os xustificantes médicos.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente son os seguintes:

1. As notas dos alumnos nas diferentes evaluacións.
2. O seguimento por parte dos alumnos.

9. Actividades de seguimento, recuperacióne avaliación das materias pendentes

As actividades de recuperación e reforzo previstas son:

- Realización de traducións de oracións e textos que o profesor lle irá entregando ó longo do curso ata a avaliación final de materias pendentes.
- Realización das táboas de declinación e conxugación así como outros exercicios que o profesor lle irá entregando ó longo do curso ata a avaliación final de materias pendentes.
- Lerá en voz alta os textos gregos que lle indique o profesor.
- Exercicios de escritura ortográfica.
- Ademáis: poderá examinarse das lecturas que o profesor lle sinale, se quere subir nota ata un 1 punto.

10. Procedementos para acreditar o alumnado os coñecementos necesarios

Serán os establecidos no apartado 7.

11. Avaliación inicial e medidas individuais e colectivas

Debido a que Grego é unha materia que comeza a impartirse por vez primeira na secundaria postobrigatoria, non ten sentido a realización de probas de avaliación inicial. Polo tanto, as medidas individuais e colectivas serán establecidas no transcurso da primeira avaliación.

12. Medidas de atención á diversidade

A día de hoxe non temos coñecemento de ter matriculado algún alumno con necesidades educativas especiais.

13. Concreción dos elementos transversais

Dos elementos transversais previstos no Real Decreto do Currículo Básico, a materia de grego contribúe no desenvolvemento dos seguintes:
- prevención de la violencia de género, de la violencia contra las personas con discapacidad, de la violencia terrorista y de cualquier forma de violencia, racismo o xenofobia,
- desarrollo sostenible y el medio ambiente,
- los riesgos de explotación y abuso sexual,
- el abuso y maltrato a las personas con discapacidad,
- las situaciones de riesgo derivadas de la inadecuada utilización de las Tecnologías de la Información y la Comunicación,
- protección ante emergencias y catástrofes.
- desarrollo y afianzamiento del espíritu emprendedor,
- adquisición de competencias para la creación y desarrollo de los diversos modelos de empresas y al fomento de la igualdad de oportunidades y del respeto al emprendedor y al empresario, así como a la ética empresarial.

14. Actividades complementarias e extraescolares previstas

Temos previsto, en colaboración co departamento de Latín, unha excursión de varios días a algún dos enclaves históricos clásicos da Península Ibérica: Mérida, Itálica, Sagunto, etc. Terá lugar no segundo ou terceiro trimestre.

En primeiro de bacharelato farase un Taller de escrituras antigas gregas cunha duración de dúas clases, nunha aula de plástica, durante o segundo trimestre, para os alumnos de Grego I.

Como novidade neste curso, organizaremos unha "escape-room" da mitoloxía e cultura gregas, ou ben grecorromanas se se fai en cooperación co departamento de latín, actividade aberta a alumnos de Grego I e II.

15. Programación da educación en valores

Os obxectivos da educación en valores son acadar que o noso alumnado desenvolvan actitudes persoais activas que lles axuden a construir formas de vida máis adaptadas ós valores actuais da nosa sociedade.

Na materia de Grego atópase tamén o achegamento á realidade do mundo grego antigo, no que xurdiron uns valores e principios, os do sistema democrático ateniense, vixentes na actualidade, e situacións conflictivas e de clara inxustiza, como a réxime escravista ou a situación da muller ateniense. Todo iso é o marco ideal para o desenvolvemento da eduación en valores.

1) EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Grecia foi berce da democracia e, por iso mesmo, da participación do cidadán no goberno do Estado, con toda a súa carga de dereitos e deberes. Era aquela democracia directa e non representativa coma a actual; pero todos recoñecenos na primeira democracia a orixe da última, que é a propia dun estado moderno.

Na Época Helenística a *polis* está en crise e se incorpora a un sistema novo de goberno, onde a autoridade emana non da asamblea de cidadáns, senón dun gobernante remoto e autocrático. O alumno aprenderá desta etapa os rasgos dun goberno absoluto, onde o cidadán ficará sen dereitos e sometido a autoridade dun único gobernante.

O tema dos dereitos do cidadán grego e dos no-cidadáns e o tema da escravitude nos permite reflexionar sobor dun tema de ardente actualidade: a situación dos inmigrantes que tratan de entrar no noso país de calqueira xeito, estando sometidos tamén a explotación laboral das empresas que buscan man de obra barata. Iso nos permeterá ver que despóis de 2000 anos, seguen a existir no mundo situacións de escravitude máis ou menos tapadas, por exemplo o traballo infantil, proxenetismo de mulleres inmigrantes, etc.

A situación da muller era claramente discriminatoria no mundo grego, sobre todo en Atenas, da que temos máis datos. O estudio desa situación posibilitará a reflexión sobor da muller na nosa actualidade, onde a igualdade do home e a muller é máis unha pretensión ca unha realidade.

2) EDUCACIÓN PARA A PAZ

A guerra foi o meio usado polas antigas *poleis* para impoñer a súa supremacía. Estudando este aspecto fundamental da antigüidade grega (vida militar, a estructura do exército, as principais batallas e guerras, ...), o compararemos co noso aparato militar actual e faremos debates sobor da utilidade ou non do exército, a obxeción de conciencia, ventaxas e desventaxas do exército profesional, etc.

3) EDUCACIÓN NA IGUALDADE DOS DOUS SEXOS

A muller grega da Atenas antigua tiña unha situación moi distinta á actual, tanto pola falta de dereitos políticos e dunha educación; a cultura misóxina grega antiga nos servirá para reflexionar sobor da suposta igualdade de oportunidades da muller e o home na nosa actualidade.

4) EDUCACIÓN NA DIVERSIDADE SOCIAL E CULTURAL DO NOSO ESTADO

Para que o alumno comprenda que vive nun país multicultural, estudaremos os restos arqueolóxicos de orixe grega e romana, nas distintas comunidades autónomas. Tamén o léxico de raíz grega é unha fonte inestimable para ver os elementos comúns ás distintas linguas da Península e Illas.

5) EDUCACIÓN PARA A SAÚDE, EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR E EDUCACIÓN AMBIENTAL

Costumes alimentarias dos gregos; rasgos básicos do urbanismo grego (escasa preocupación dos gregos por elementos fundamentais na nosa sociedade coma os parques e xardíns) ; a ciencia grega (as orixes da medicina, óptica, física, etc.);

6) EDUCACIÓN NA MELLORA DO MUNDO

A base da sociedade ateniense era a desigualdade económica e a explotación do máis débil: pois a man de obra eran os escravos na maior parte dos sectores económicos. Iso podemos atopalo na nosa sociedade actual dos países ricos (e pobres) coma o noso, nos que é patente a explotación da man de obra dos inmigrantes.

16. Accións de contribución ó proxecto lector

- Na presente programación se da a opción ó alumno de primeiro curso de escoller entre diversas lecturas para completar. No segundo curso o alumno ten sinaladas diversas lecturas obrigatorias que serán obxecto de exame.
- O departamento participa nas actividades colectivas de lectura establecidas polo centro na Programación Xeral Anual: Ler todos xuntos.
- O departamento participa desde o curso pasado no clube de lectura da biblioteca do propio centro e segue a participar neste curso.

17. Accións de contribución ó plan TIC

- O departamento de Grego, desde fai varios cursos, usa diversos recursos na aula e fora dela para integrar o seu traballo nas TIC:

    - **Correo electrónico de grupo** para manterse en contacto cos alumnos fora da aula e para o intercambio de exercicios e materiais.
    - **Pantalla e canón** como soporte fundamental das explicacións do profesor, que pode escribir en grego directamente no ordenador, proxectar e comentar os apuntes, esquemas, imaxes, vídeos etc. Neste senso, é moi útil o **diccionario electrónico de grego** que reproduce o diccionario impreso que os alumnos usan nos exames. É usado polo profesor para ensinar ós alumnos a consultar o diccionario, e tamén polos propios alumnos, xa que potencia e axiliza enormemente o achado de termos.
    - **Uso das aulas de informática** para que os alumnos practiquen a escritura grega clásica en ordenador, mediante a plantilla de Windows de teclado grego que o propio departamento adaptou para a rapidez e comodidade de escritura.

18. Accións de contribución ó plan de convivencia

- Este departamento apoia plenamente o Protocolo de Actuación da Aula de Convivencia así como o Plan de Convivencia contido no P.E. do centro. Polo tanto, as actuacións que adoptará son as previstas no devandito Protocolo:

PROCOLO DE ACTUACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA

PROFESOR QUE DERIVA AO ALUMNO	XEFATURA DE ESTUDOS	PROFESOR DE GARDA NA AULA DE CONVIVENCIA
a) Só pode derivar por feitos graves. b) O profesor debe facer o parte de cor azul o máis rápido posible (Anexo I). c) O alumno derivado terá que ir co delegado ou outro alumno acompañante á aula de convivencia. d) Debe mandar con traballo ao alumno, e debe valorar o mesmo. e) Ten que comunicarse no mesmo día cos pais/titores do alumno para informarlle do acontecido.	a) Falar co profesor que derivou ao alumno. b) Falar co alumno derivado. c) Analizar os feitos para impor a sanción correspondente. d) Falar cos pais/titores do alumno derivado para comunicarlle os feitos e informarlle da sanción. e) Comunicarlle todo o acontecido ao titor e ao profesor (de ser o caso). f) Informar co protocolo correspondente aos profesores na sala do 2º andar. g) Derivará ao alumno disruptivo á aula de atención educativa por: - Acumulación de partes brancos ou sancións- disrupcións leves. - Por partes azuis para disrupcións graves.	a) Non admitirá a aqueles alumnos que veñan sen traballo que realizar. b) Cubrirá e asinará o documento de seguimento da aula de atención educativa e convivencia (Anexo II). c) Se o alumno está tres días derivado pola xefatura de estudos en todas as materias, terá que ir buscar o traballo cada hora. O profesor da materia indicaralle por escrito ó profesor da aula de convivencia o traballo a facer polo alumno derivado (Anexo III). d) Fixarse documento de seguimento (apartado incidencias) para ver os profesores que xa falaron co alumno ao longo do día e valorar se debemos facelo nós ou non. e) Cubrir, cando se indique no documento de seguimento, a ficha de auto-observación (Anexos IV e V) incidindo no feito de ver cales son os problemas con ese/s profesor/es. Saber a súa percepción. f) Ante calquera feito salientable falar co titor ou o xefe de estudos. g) Dependendo das dificultades ou problemas do alumno, pódense traballar con materiais de orientación que estarán na aula de convivencia.

19. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

- O procedemento usado para a avaliar a propia programación son as reunións mensuais do departamento, nas que se analizará o seu desenvolvemento e se valorararán os posibles aspectos a cambiar.

20. Actividades para os alumnos con altas capacidades

A día de hoxe non temos matriculado ningún alumno con altas capacidades.

Verín, luns 16 de setembro de 2019



Asinado: Daniel García Cancio
Xefe do Departamento de Grego
Coordinador das TIC